



CREACIÓN DUNHA CAMPAÑA

Consideracións para a realización da actividade por parte do/a educador/a:

Esta actividade ten tres obxectivos de traballo:

- Concienciar sobre a necesidade de ter hábitos de vida máis sustentables.
- Crear unha serie de accións concretas que nos permitan conseguir eses hábitos de vida.
- Desenvolver e realizar unha campaña para a difusión desas accións nas redes sociais.

Durante a primeira fase de desenvolvemento da campaña, o traballo pode facerse, fundamentalmente, con computadores ou tabletas. Ao final, para a súa difusión a través das redes sociais, especialmente o WhatsApp, poden necesitar ter os móbiles na clase.

Unha parte desta actividade pode ser apoiada polo “Calendario Escolar” que se inclúe no material impreso. Nel, dáse ao alumnado a opción de asinar un compromiso que permita levar unha vida máis sustentable. Seguir o decálogo que xurda desta actividade, pode ser unha base moi importante para cumprir ese compromiso.

Desenvolvemento:

1º Fase: Formulación das accións

- Ver a **infografía** animada: “**O que consumo, ¿ten que ver coa fame?**”
- Dividir a clase en grupos e explicar a actividade para realizar:

“Vimos nas anteriores actividades, as consecuencias ambientais e humanas que ten o noso sistema de produción de alimentos. Aínda que moitos dos aspectos que teñen que ver coa produción de alimentos están fóra do noso alcance, outros, en cambio, son máis próximos ao noso día a día como consumidores. Ante isto, é importante que reaccionemos dalgún xeito para cambiar aquilo que estea nas nosas mans. Por exemplo:

- Pautas de consumo.
- O noso tipo de dieta.
- Desperdicio de alimentos.

Dentro de cada un dos grupos, debes traballar estes tres aspectos, buscando pautas de acción concretas en forma de decálogo, que nos permitan cambios na nosa maneira de actuar”.

- Repartir as follas de traballo e deixar que os grupos elaboren a súa proposta.
- Cando os grupos terminasen, poñer en común as accións que expuxesen, apuntándoas no encerado. Unha vez que todos están apuntadas, traballar en gran grupo as propostas, de maneira que se poidan identificar aquelas que sexan similares e puílas ata sacar un decálogo único para a clase.

2ª Fase: Desenvolvemento da campaña

- De volta ao traballo en grupos, a partir do decálogo redactado na anterior fase, cada un deles debe desenvolver un slogan rechamante e pegadizo, e/ou unha imaxe atractiva que sexa adecuada para transmitir algún dos puntos do decálogo a través das redes sociais, fundamentalmente WhatsApp.



3ª Fase: Difusión da campaña

- Esta é a parte fundamental da actividade. Unha vez que cada grupo ten as súas campañas, deben difundilas a través das redes sociais.
- Ao finalizar a Campaña, é importante que fagan unha avaliación da mesma e valoren o seu impacto: nivel de resposta, seguidores, comentarios, gústame, cantas persoas compartiron as publicacións, interaccións, etc.

Anexo

Folla de traballo (unha para cada grupo)

Obxectivo	Debedes crear no voso grupo accións concretas, polo menos una por cada tema, que permitan levar hábitos de vida que non teñan tanto impacto sobre os recursos alimenticios do noso planeta. Pensade en vós mesmos/as e na vosa contorna; deben ser accións facilmente aplicables e que signifiquen un cambio real no comportamento das persoas.
Os tres temas principais.	<p>Pautas de consumo: este é un aspecto moi importante, que engloba varios puntos sobre os que deberiamos reflexionar:</p> <ul style="list-style-type: none">• Onde compramos; antepoñemos, por exemplo, o comercio de proximidade coa súa menos contaminación nos transportes. De onde é o que consumimos? Fixámonos na procedencia, máis ou menos afastada, dos produtos que compramos.• Canto: somos conscientes da cantidade que consumimos?, facémolo en exceso, sobre todo de determinadas cousas?• Reflexión sobre pautas de consumo máis austeras e posibilidades do consumo de proximidade: vantaxes e desvantaxes. <p>O noso tipo de dieta: O que comemos, ten un impacto importante sobre as persoas famentas e a súa capacidade de acceder a alimentos, así como sobre o medio ambiente.. isto é especialmente importante no que respecta a un consumo excesivo de carne.</p> <p>Desperdicio de alimentos: este punto é clave, xa que os consumidores desperdiciamos, por diversas razóns, unha gran cantidade de alimentos. É importante coñecer as causas do desperdicio de alimentos na nosa propia contorna e desenvolver unha serie de accións prácticas que nos permitan loitar contra este problema.</p>